

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE NADAL 2024-2025

EXPEDIENTE: 2024/D002/000024

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000577

Visto o expediente 2024/D002/000024 do PROGRAMA DE CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE NADAL 2024-2025 co obxecto de cubrir as necesidades de conciliación familiar, formación e ocupación do tempo de lecer, e o fomento da práctica deportiva e mellora da saúde entre a veciñanza,

Logo de examinar as bases propostas polo departamento técnico competente que deberán rexer o procedemento de oferta, publicidade, inscrición, baixa así como a participación nos campamentos deportivos do Nadal 2024/2025 ofertados por este Concello. Sinalando a Secretaria municipal que as bases no respetan o establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015 e prevé inscrición fora dos lugares indicados de presentación neste artigo e sen interoperabilidade có rexistro de entrada municipal.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases propostas polo departamento técnico para regular a convocatoria pública para a inscrición e participación da cidadanía no Programa de Campamentos Deportivos do Nadal 2024/2025:

"BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DO NADAL 2024-2025:

OBXECTO:

A necesidade de conciliación da vida familiar e laboral dos veciños e veciñas de Carral, precisan a que, dende a administración local, se oferten aos menores servizos extra-educativos (pedagóxicos e deportivos) durante as



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

tempadas de vacacións escolares, mentres os seus proxenitores desenvolven a súa actividade profesional.

Por elo, dende o 23 de decembro do 2024 ao 3 de xaneiro do 2025, o Concello de Carral, dentro da súa programación de actividades para a cidadanía, pon en marcha o programa de campamentos urbanos de Nadal, destinado á nenos e nenas de Carral matriculados en **Educación Infantil e Educación Primaria**, tendo preferencia de inscrición aqueles rapaces e rapazas empadroados no Concello de Carral ou inscritos nalgún dos centros educativos do municipio.

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria pública para a participación neste programa.

HORARIO E LUGAR DOS CAMPAMENTOS.


- As **datas** nas que se levará a cabo este programa serán durante o período escolar non lectivo das vacacións de Nadal en decembro e xaneiro: o **23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro de 2024 e 2 e 3 de xaneiro de 2025**.
- O **horario** (luns a venres, excepto festivos) será:
 - **Servizo Madrugadores:** 7.30 a 10.00 h *
 - **Campamentos:** 10.00 a 14.00 h (horario obrigatorio dentro do campamento, non podendo nin entregar nin recoller aos nenos/as durante o mesmo salvo excepcións previamente comunicadas.)
 - **Servizo de comedor:** 14.00 a 16.00 h *

*Nota. Nestes servizos contratarase unicamente o coidado e atención dos menores. Os nenos/as que fagan uso destes horarios deberán traer o seu almorzo ou xantar da casa.

- Este programa se desenrolará **no recinto escolar do Colexio Vicente Otero Valcárcel** (pavillón polideportivo cuberto, pista polideportiva descuberta, zona axardinada, patio escolar cuberto, comedor escolar, aula psicomotricidade).

DESTINATARIOS: IDADES E GRUPOS

- O concello oferta 60 prazas para nenos e nenas de Educación Infantil (dende 3 anos) e Educación Primaria, tendo prioridade, no caso de cubrirse todas as prazas, aqueles empadroados no Concello de Carral ou aqueles nenos que acoden aos Centros Educativos públicos da localidade.
- **As prazas son limitadas e adjudicaránse por rigorosa orde de inscrición.**
- O concello fará unha **reserva de prazas dun 10% para nenos/as con NEAE, con NEE con autonomía per-soal ou en risco de exclusión social**, para participar nas diversas actividades propostas en cada campamento, previa valoración polo equipo técnico municipal competente.
- Organizaránse os grupos por idades. Estes **grupos serán o máis homoxéneos posible** (permitíndose unha oscilación de 2 anos), cumprindo sempre a normativa vixente.
- Os nenos/as poderán facer uso do servizo Madrugadores (7.30-10.00 h) e Tempo de Xantar (14.00-16.00h) para o que deberán traer o seu propio almorzo e xantar da casa (dispónse de forno microondas).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

PREZOS: COTAS E XEITO DE PAGAMENTO.

- Segundo o acordo regulador nº 1 do prezos por actividades deportivas, culturais, xuvenís e socio educativas do Concello de Carral (Epígrafe 5: Actividades durante as vacacións escolares e outras actividades), o prezo do campamento urbano será de **30 €/semana**, máis **9,25 €/semana** polas opcións de madrugadores e tempo de xantar:
 - O prezo destes campamentos é de **30,00 €/semana**
 - 1ª semana: do 23 ao 27 de decembro (**60 prazos**): 30 €/persoa.
 - 2ª semana: do 30 de decembro ao 3 de xaneiro (**60 prazos**): 30 €/persoa.
 - O prezo polo uso do servizo opcional de **madrugadores (7:30-10.00 h)/tempo de xantar (14:00-16:00): 9,25 €/semana.**
- Os importes aboados **NON SE DEVOLVERÁN AGÁS CAUSAS DEBIDAMENTE XUSTIFICADAS.**
- A **data límite** para facer o pago será do **19 -22 de decembro.**
- **SE O INTERESADO/A NON ABOA A CANTIDADE CORRESPONDENTE ÁS SEMANAS QUE ELIXA DENTRO DO PRAZO MARCADO, PERDERÁ O DEREITO Á PRAZA RECAENDO ESTA NA SEGUINTE PERSOA NA LISTA DE AGARDA.**
- **Formas de pago:**
 - Mediante **transferencia bancaria** (ES21 2100 5781 3102 0000 1826), para o cal será **IMPRESINDIBLE enviar o resgardo** de ingreso ao mail casadacultura@carral.es.
 - Con **Tarxeta bancaria** nas dependencias da Casa da Cultura.

INSCRICIÓN: PRAZOS E PROCEDIMENTOS.

- **Para formalizar a inscrición é preciso que o interesado/a non teña débedas co Concello de Carral.**
 - O prazo de inscrición estará **aberto entre as 09:00 h do 11 ata as 12:00 h do 18 de decembro de 2024. As prazas son limitadas e adjudicaranse por rigorosa orde de inscrición e de acordo aos criterios sinalados anteriormente**
 - As inscricións para todos estes prazos poderanse tramitar dos seguintes xeitos:
 - **Online**, cubrindo o formulario disposto para tal fin que poderán atopar no link: <https://forms.gle/aVbm5Eq8ueufcvmRZ>, quedando rexistrada a data e hora de presentación da solicitude.
 - **Presencialmente**, nas dependencias municipais da Casa da Cultura (de luns a venres entre ás 9:00 ás 14:00 h e de 17.00 h ás 20.00 h). O interesado cubrirá un boletín de inscrición a disposición dos interesados na web www.carral.es
 - **A través da sede electrónica no enlace:**
https://sede.carral.es/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/Solicitudinscripcionactividadesdeportivas_N
- * **NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓN POR OUTROS MEDIOS QUE OS INDICADOS.**

- **AS PRAZAS (de actividades/grupos) SON LIMITADAS e ASIGNARANSE POR RIGOROSA ORDE DE INSCRICIÓN.**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Unha vez cubertas as prazas da actividade ou grupo, crearanse **LISTAXES DE ESPERA**. (Reservaranse un 10% das prazas para nenos/as con NEAE (necesidades específicas de apoio educativo, como por exemplo TDAH), con NEE con autonomía persoal (HVD: habilidades para a vida diaria), ou en risco de exclusión social).

- No caso de existir **coincidencia na data e hora no rexistro da solicitude de inscrición** de dous ou máis interesados para a última praza dunha actividade ou grupo, terán preferencia os empadroados en Carral e de seguir o empate, a praza asignarase mediante **SORTEO PÚBLICO**.
- Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.
- Para formalizar a inscrición é preciso que o interesado/a **NON TEÑA DÉBEDAS co Concello de Carral**.

PUBLICACIÓN DE LISTAXES

___O día 19 de decembro publicaranse ás listas provisionais de aceptados e suplentes. Para formalizar a inscrición, o interesado deberá aboar a cota correspondente ás semanas elixidas dentro dos prazos marcados. De non facelo no prazo establecido perderá o dereito á praza, que será adxudicada segundo a listaxe de agarda se o houbese.

SEGUROS:

- Todos os nenos/as participantes estarán cubertos por un seguro médico de accidentes.

BAIXA DAS ACTIVIDADES: PRAZOS E PROCEDIMENTOS

- Para darse de baixa **voluntariamente** dalgunha actividade será preciso cubrir e asinar o formulario disposto para tal fin na Casa da Cultura. Este impreso pódese recoller nas dependencias municipais ou descargar da páxina <https://carral.es/>.
- Se o interesado/a non aboa a cantidade correspondente ás semanas que elixa dentro do prazo marcado, perderá o dereito á praza recaendo esta na seguinte persoa na lista de agarda.
- As **cotas aboadas NON SE DEVOLVERÁN AGÁS CAUSAS DEBIDAMENTE XUSTIFICADAS**.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

Casa da Cultura de Carral (43°13'42.8"N 8°21'39.8"W)

r/Paleo, nº 17 (en fronte ao Centro de Saúde) 981.67.25.80

casadacultura@carral.es



Concello de
CARRAL
Deportes

Data recepción

 / /

Hora recepción

 :

Código Inscrito

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN CAMPAMENTOS MUNICIPAIS

Datos do neno/a:

Nome e apelidos: _____

Enderezo: _____ Localidade: _____

NIF: _____ Data nacemento: _____

Alerxias/enfermidades/observacións relevantes para a actividade: _____

Empadroadado en Carral: Si Non

Matriculado colexio en Carral: Si Non

Datos do pai/nai/titor-a legal:

Nome e apelidos: _____

NIF: _____ Móbil contacto: _____ Mail: _____



Campamentos deportivos - do 23 de decembro de 2024 ao 3 de xaneiro de 2025

Datas ás que se inscribe: do 23 ao 27 de decembro (30,00 €) Hora entrada: _____ Hora saída: _____

do 30/decembro - 3/xaneiro (30,00 €) Hora entrada: _____ Hora saída: _____

PREZOS: CAMPAMENTOS (10:00 h - 14:00 h): 30,00 €/semana
*Madrugadores (7:30 h - 10:00 h) } 9,25 €/semana
*Tempo de xantar (14:00 h - 16:00 h)

* Os inscritos/as que fan uso destes servizos deberán traer o almorzo ou o xantar da casa. Disporase de forno microondas para quentar a comida.



Sinatura Pai/nai/titor-a

Conta bancaria Concello:
ES21-2100-5781-3102-0000-1826 CAIXABANK
NON PAGAR ATÁ A CONFIRMACIÓN DA PRAZA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100 I
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

SOLICITUDE DE BAIXA NOS CAMPAMENTOS URBANOS

Nome do alumno/a: _____

Nome do pai/nai/titor legal: (no caso de ser o alumno/a menor de idade):

Campamento ou semanas nas que desexa causar baixa:

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____

Motivo e data efectiva da baixa (opcional): _____

Data: ____/____/202_

SINATURA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

SEGUNDO.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como dar conta ao Pleno do Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde
Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose

Dou fe, a Secretaria
Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez